

SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE A AMPLIACIÓN DA AP-9

PLENO 25 SETEMBRO 2014. ACTA 13/2014

O 28 de agosto de 2014, o Ministerio de Fomento publicou no BOE con carácter de urxencia as expropiacións para realizar o proxecto de ampliación de autoestrada ap-9.

En total son 71 actas de expropiación que afectan ao termo municipal de Redondela, das cales dúas son propiedades do Concello de Redondela: o Colexio CEIP Igrexa de Chapela (parcela Nº 61) e un lavadoiro público situado no barrio da Igrexa (parcela Nº 65). 40 desas actas atópanse en defecto de forma, e os propietarios desas parcelas e/ou edificacións atópanse en situación de indefensión legal, posto que non foron expostas no proxecto de exposición pública no ano 2010.

Polo anteriormente exposto, e pola desinformación e a alarma social que está sufrindo a poboación afectada, Esquerda Unida e AER solicitan a comparecencia do Alcalde para explicar que vai facer o Concello na firma da acta de expropiación do CEIP Igrexa de Chapela, xa que ao estar en defecto de forma e indefensión legal, o Concello ten ferramentas xurídicas ao seu favor para non firmar a acta e reclamar vía xudicial a repetición do proceso de exposición pública. Ademais, queremos que o Alcalde aclare se o Concello ten feita a taxación dos terreos do actual centro, e nos diga cando van comezar as obras de construción do novo centro.

O Alcalde sinala que teñen unha canle de información cos veciños directa e inmediata xa que se tratou de dar resposta a todas as inquiredanzas. Di que nas xuntanzas participaron representantes do ministerio e que tamén se reuniu coa ministra en Madrid e veu o secretario de Estado para tratar este e outros temas que afectan a Redondela. Indica que se nas actas previas hai algún problema tamén están ao tanto. O pagamento o vai a facer AUDASA e polo tanto podería ser inmediato se hai acordo o que veu como consecuencia tamén desas xuntanzas. Sinala que con respecto ao do colexio están citados para mañá e vai defender o mesmo que hai tempo: hai que trasladar o centro ao polígono de autopistas e o importante é o xeito de facelo. Di que no momento inicial ao mellor era máis doado que foran menos os afectados pero se incorporou a máis xente para que saiban que poden ser expropiados. Mañá espera obter máis información no tema do colexio.

O concelleiro BLANCO PÉREZ pregunta se o alcalde pode garantir que no colexio vaise rematar o curso escolar e que van a conserva-lo centro e para onde o van a trasladar. Pide que o alcalde se parta a cara polos veciños.

O Alcalde sinala que tivo que manter posturas contrarias á do seu partido político e houbo broncas sonadas co ministerio. Di que posiblemente mañá non vai a asinar nada. Terá que valoralo. Teñen o compromiso de que non se vai a entorpecer a docencia no centro e hai un período mínimo de dous anos ata que se faga o novo centro incluso o compromiso de que as obras vanse facer en períodos non lectivos. Ten unha taxación dos terreos.